



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D^a. Eneko Aierbe Sarasola
 D. Miguel Alfonso Pallarés
 D. José Nicanor Alonso Álvarez
 D. Luis Alonso Bacigalupe
 D^a. M^a. Luisa Alonso Escontrela
 D. Rodrigo Alonso Ricart
 D. Heliodoro Álvarez Conde
 D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
 D. Ramón Araujo Casado
 D. Pedro A. Araujo Nespereira
 D^a. M^a Teresa Arce Aramendi
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D. Xosé Carlos Arias Moreira
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D. Ramón Barreiro García
 D. Gustavo Bergantiño Cid
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D. Juan Blanco Gutiérrez
 D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
 D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
 D. Camilo Brandín Feijoo
 D. Jorge Bravo Bernárdez
 D^a. Soledad Bugallo Petit
 D^a. M^a. Alicia Cachafeiro López
 D. Adrián Candela Iglesias
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre
 D^a. M^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Alfonso Caride Losada
 D. Benajmín Pablo Casanova López
 D. Javier Castro Martínez
 D. Pablo Javier Cebra Loureda
 D^a. Mercedes Cendón Falque
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alonso Cid Sabucedo
 D. José Cidrás Pidre
 D^a. Cristina Comesaña Cabaleiro
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Tony Crespo Franco
 D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
 D. Pedro Cuesta Morales
 D. José M^a. da Rocha Álvarez
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. Javier De Vicente Remesal
 D^a. Encarnación De Miguel Villegas
 D. Manuel Deaño Deaño
 D^a. Coral Del Río Otero
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. José Durany Castrillo
 D^a. Iria Estévez González
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Manuel Fernández Gesto
 D^a. Esperanza Fernández Gómez
 D. Manuel J. Fernández Iglesias
 D^a Generosa Fernández Manfín
 D. María Fernández Silva

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día catorce de maio de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O luns, **día 14 de maio de 2001**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Análise e debate sobre o cumprimento por parte do Rector do acordo de liquidación de Cidade Universitaria S.A., adoptado no Claustro do día 12-7-2000 e sobre o endebedamento desta Sociedade en 1.100 millóns de pesetas.
- 2.- Análise e debate sobre o deterioro de infraestructuras docentes e investigadoras nos tres campus da Universidade de Vigo.
- 3.- Análise e debate sobre o problema do transporte ós campus da Universidade de Vigo e aprobación de medidas se procede.

Antes de iniciar a sesión, o Rector informa de que a Mesa acordou por 5 votos a favor e 2 en contra non admitir o recurso de reposición presentado polo profesor Tojo no que pedía que se anule a convocatoria deste claustro e se efectue unha nova convocatoria tal como fora solicitado por sinaturas de 75 claustrais nos termos do artigo 13.a e 15.1 do regulamento de réxime interno do claustro. O Rector explicou que non hai previsión estatutaria para anular unha convocatoria do Claustro. Dos catro puntos solicitados (anexo I) o non incluído na orde día foi " Análise e debate sobre a apertura de expedientes

disciplinarios a

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino
 D. Emilio Manuel Fernández Suárez
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D^a. Ana Gago Martínez
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
 D. Antón García Fernández
 D. Guillermo García Lomba
 D^a. Manuel García Sánchez
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. Carlos Garrido Suárez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D. J. Santiago Gómez Fraiz
 D^a. Alma M^a Gómez Rodríguez
 D^a. Laura González Novoa
 D. Jesúa Hernández Sánchez
 D. Alezandre Ínsua Moreira
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
 D. José Luis Legido Soto
 D. Xoán Leiceaga Baltar
 D. José Lillo Beviá
 D. Martín Llamas Nistal
 D. Álvaro Xosé López Mira
 D. Luis López Pérez
 D^a. M^a del Pilar López Vidal
 D^a. Miguel Loureiro Blanco
 D^a. Romina Maneiro Cid
 D. Gonzalo Marino González
 D^a. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D. Ana Belén Méndez Fernández
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Eduardo Moledo Caamaño
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Santiago Murillo Zapatero
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño
 D^a. Ana Isabel Paz Villar
 D^a. M^a Consuelo Pazo Martínez
 D. Felipe Pereiras Rodríguez
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Elías Pérez Carrera
 D. Manuel Pérez Donsión
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Javier Pérez Guerra
 D. Xabier Pimentel González
 D. José Pose Blanco
 D. Albino Prada Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 D. Félix Quintero Martínez
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Manuel Angel Rey Fraile
 D. Filemón Rivas Conde
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D^a. Margarita Rodríguez Holguín
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane

profesores e PAS na Universidade de Vigo". A Mesa decidiu non incluír este punto baseándose en dous informes da asesoría xurídica da Universidade que conclúen que non se pode incluír automaticamente calquera punto na orde do día, polo feito de que sexa pedido co número de membros do claustro que establece o citado artigo 15.1.

O informe indica que os expedientes non poden ser sometidos a debate no Claustro para salvaguardar a intimidade dos afectados. Recorda tamén que é competencia da Mesa, interpretar o regulamento do claustro (artigo 13.e).

O profesor Legido e o Sr. Blanco, membros da Mesa, informan ó Claustro que discrepan desa decisión tomada pola mesma xa que entenden que non respecta o regulamento e abandonan a Mesa do Claustro.

Os profesores Tojo, Outes e R. Berrocal interviñeron para manifestar a súa discrepancia coa decisión da mesa, en base ós artigos 13. a), 15.1 e 19.5 d) do regulamento, indicando que consideran ilegal tal acordo. Anuncian que abandonarán a sesión se non se tratan tódolos puntos solicitados. Sobre este tema, o profesor Outes remitiu un escrito que se engade a acta como anexo II.

Na mesma liña se manifestaron o profesor Barreiro e o Sr Marino. Tamén anuncia a intención de abandonar a sesión o profesor Corbacho.

Pola contra, o profesor Mazaira di que a Mesa actou correctamente xa que segundo o artigo 13 e) do regulamento, a Mesa ten por función interpretar o regulamento e así o fixo en base ós informes xurídicos xa citados.

Unha vez que os claustrais que o

D. Carlos Román Lago
 D. José Óscar Rubiños López
 D^a. Veljka Ruzicka Kenfel
 D^a. Elena Sánchez Trigo
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
 D^a. Evangelina Sierra Bernardino
 D. Iago Soto Mata
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D^a. Piedade Suárez Rosende
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D^a. M^a. Concepción Tojo Suárez
 D. Guillermo Tomás Vizcaino
 D^a. Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
 D. José Ángel Vázquez Barquero
 D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
 D. Camilo Vázquez García
 D. José Ángel Veiro García
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín

DESCULPA ASISTENCIA

D. Ángel Latas Parada

desexaron abandonaron a sala iniciouse a sesión nos termos establecidos na orde do día: A letra sorteada para a orde das intervencións é a F.

Punto 1. Análise e debate sobre o cumprimento por parte do Rector do acordo de liquidación de Cidade Universitaria S.A., adoptado no Claustro do día 12-7-2000 e sobre o endebedamento desta Sociedade en 1.100 millóns de pesetas.

O Sr. García Fernández defende a constitución de Cidade Universitaria S.A. como medio para chegar a unha serie de realidades que suporán a mellora e a consolidación do Campus e o achegamento da cidade á universidade. Recorda que ata agora ninguén tivo unha iniciativa semellante.

O profesor García Sánchez concorda coa intervención do Sr. García Fernández.

O profesor Mazaira rebate afirmacións feitas no seu día por membros da oposición que cualificaban á Cidade Universitaria S.A. como unha entidade privatizadora con ánimo de lucro. Di que non se pode privatizar algo que non existe e que os beneficios que poida haber no seu día van reverter na propia Universidade de Vigo.

Finaliza presentando unha moción asinada por membros do Claustro segundo o establecido no artigo 20.3 do regulamento que di textualmente "O Claustro apoia o mantemento de Cidade Universitaria Sociedade Anónima como instrumento de desenvolvemento dos Campus da Universidade de Vigo (anexo III).

O profesor Membiela manifesta o seu apoio a esta iniciativa.

O Sr. Pérez Betanzos concorda coa opinión anterior.

O profesor Prada recorda que no Claustro celebrado o día 12 de xullo de 2000, foi aprobada unha moción pola que " se encomenda á Comisión de Planificación do Claustro que nun período de tres meses eleve unha proposta ó Claustro que permita asumir a consecución dos obxectivos previstos no obxecto social de C.U.S.A. utilizando o instrumento de actuación pública que considere máis axeitado". A Comisión de Planificación non puido presentar ningunha proposta ó Claustro xa que nas reunións da mesma ningún membro da oposición presentou ningunha alternativa ou idea nin foi manifestado interese ningún en tratar ou resolver cuestións sobre este tema.

Di que para os claustrais de Alternativa Universitaria non existe outra alternativa realista e plausible para acadar os obxectivos previstos. Cualifica de irresponsable a actuación da oposición.

O profesor Reigosa recorda que o regulamento de réxime económico establece que a competencia para a creación de sociedades anónimas é de Xunta de Goberno. Maniféstase a favor deste proxecto que a Universidade por se mesma non podería levar a cabo. Trátase de chegar a ter un campus moderno que poida atraer ós mellores estudantes e ós mellores profesores.

Pregúntase cal é a razón real de que os membros da oposición se opoñan a esta iniciativa. Manifesta un si rotundo a C.U.S.A. e se suma á moción presentada polo profesor Mazaira.

O profesor Vaamonde manifesta o seu total acordo coa intervención anterior.

O profesor Vázquez García concorda coa intervención anterior e felicita especialmente ó Vicerrector de Planificación polo feito e pola forma de desenvolver esta iniciativa.

O Sr. Álvarez Conde apoia este proxecto e opina que vai levar consigo unha serie de melloras para a universidade en xeral e, en particular, para os estudantes.

O profesor Arias Moreira eloxia este proxecto que cualifica de marabilloso para a universidade. Di que só a obcecación, a ignorancia e a concepción triste e antiga do público pode levar a certas intervencións en contra que se atreven a dicir que a C.U.S.A. vai ocasionar a "destrucións do Campus". Eloxia ó equipo de goberno que convenceu á comunidade universitaria e moi especialmente ó Xerente da Universidade e ó Vicerrector de Planificación. Finaliza manifestando o seu apoio claro e dedicado por este proxecto.

O profesor Durany concorda co sentir da intervención anterior e di que sente vergoña allea pola actitude da oposición neste claustro.

Finalizadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo profesor Mazaira: " O Claustro Universitario apoia o mantemento de C.U.S.A. como instrumento de desenvolvemento dos Campus da Universidade de Vigo " que é aprobada por 89 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións.

Os **puntos 2 e 3** non foron tratados xa que non houbo intervencións sobre os mesmos. .

Levántase a sesión ás 12:00 horas do día 14 de maio de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo